

**Xunta de Galicia**  
**Corpo Facultativo Superior de Bibliotecas**  
**Primeiro Exercicio**  
**Acceso Libre**  
**Opción B**

<b>1.</b>		<b>Das seguintes organizacións, cal ten entre os seus obxectivos <i>reflexionar sobre os modelos de biblioteca válidos para a comunidade Iberoamericana?</i></b>
	a	AENOR
	b	Foro NAPLE
	c	EBLIDA
	d	FIRNBP
<b>2.</b>		<b>Para Frédéric Barbier na historia do libro a xeneralización do <i>codex</i> prodúcese nos:</b>
	a	Séculos I e II
	b	Séculos III e IV
	c	Séculos V e VI
	d	Séculos VII e VIII
<b>3.</b>		<b>Das seguintes afirmacións sobre a norma ISBD, cal non é correcta ?</b>
	a	Estrutura a información dos documentos en 7 áreas
	b	Establece unha puntuación fixa para cada área, pero non para os elementos dentro das áreas
	c	Prescribe a lingua de descrición para cada área
	d	Permite realizar a descrición a tres niveis de profundidade
<b>4.</b>		<b>Cal é a asociación independente, internacional, non governamental e sen ánimo de lucro, que representa os intereses das asociacións de bibliotecarios e profesionais da información, así como os das bibliotecas e servizos de información de todo o mundo?</b>
	a	ISO
	b	FESABID
	c	IFLA
	d	REDIAL
<b>5.</b>		<b>Unha nota dominante da tipografía española do século XVI é:</b>
	a	Utilizar papel de moi boa calidade
	b	Liderar a evolución xeneralizada da imprenta deste tempo en Europa
	c	A abundancia de talleres grandes con moitos e bos impresores
	d	Que durante moito tempo os libros impresos tiveron a aparencia de incunables
<b>6.</b>		<b>Segundo Svinicki e Schwartz, en formación de usuarios, unha <i>Guía impresa da Biblioteca</i>, que metodoloxía de instrución usa?</b>
	a	Instrución directa
	b	Instrución indirecta
	c	Instrución semidirecta
	d	Ningunha
<b>7.</b>		<b>O Decreto de 17 de xullo de 1858 ten relación con:</b>
	a	Completar a segunda fase da desamortización
	b	O nacemento das bibliotecas públicas en España
	c	A devolución á Compañía de Xesús das súas bibliotecas
	d	As Misións Pedagóxicas
<b>8.</b>		<b>Os documentos non relevantes que aparecen no resultado dunha consulta bibliográfica chámanse:</b>
	a	Exhaustividade
	b	Silencio documental
	c	Ruído documental
	d	Relevancia de fallo
<b>9.</b>		<b>No século XVIII, quen formula un plan de bibliotecas para España?</b>
	a	O Padre Feijoo

	b	Gaspar Melchor de Jovellanos
	c	O Marqués de Ensenada
	d	Frei Martín Sarmiento
10		<b>Segundo a IFLA, a biblioteca fundada e sostida por un órgano da administración local, ou nalgún caso central, ou por algún outro organismo autorizado para actuar no seu nome, e accesible sen prexuízos nin discriminación algunha a cantos desexen utilizala é:</b>
	a	A biblioteca especializada
	b	A biblioteca nacional
	c	A biblioteca escolar
	d	A biblioteca pública
11.		<b>Das seguintes afirmacións, cal é correcta: Os repertorios bibliográficos</b>
	a	Son os catálogos impresos das grandes bibliotecas nacionais
	b	Son sempre repertorios xerais internacionais
	c	Son sempre repertorios multilingües e especializados
	d	Son definidos como <i>listas de obras</i> por algúns autores
12.		<b>Para J. Martínez de Sousa, cal dos seguintes tipos de resumos non é un resumo documental?</b>
	a	Resumo analítico
	b	Resumo indicativo
	c	Resumo informativo
	d	Resumo de autor
13.		<b>O proceso de incorporación dos rexistros bibliográficos impresos existentes nos catálogos manuais ao sistema automatizado, que supón súa transformación en rexistros bibliográficos en formato electrónico, coñécese como:</b>
	a	Rexistro de transaccións
	b	Conversión retrospectiva
	c	Recolección
	d	Parametrización
14.		<b>A que persoa se vincula o <i>Proyecto de bases de un plan de organización general de bibliotecas del Estado</i>, publicado en Valencia en 1939</b>
	a	Eugenio Dors
	b	José Ortega y Gasset
	c	María Moliner
	d	María Zambrano
15.		<b>Cal das seguintes afirmacións sobre o módulo de circulación dun sistema integrado de xestión bibliotecaria non é correcta:</b>
	a	Permitirá crear, editar e eliminar rexistros de usuario
	b	O sistema non permitirá a visualización dos datos dos usuarios ao persoal non autorizado
	c	O sistema non permitirá á biblioteca parametrizar a súa política de préstamo
	d	O sistema permitirá a renovación de préstamos dende o OPAC, e un procedemento de renovacións telefónicas
16.		<b>Cal é a singularidade que presentan no Tumbo A da Catedral de Santiago os retratos dos Reis Leoneses Fernando II e Afonso IX?</b>
	a	Que son retratos ecuestres
	b	Que son retratos sedentes
	c	Que están de xeonllos diante do Apóstolo Santiago
	d	Que son as xilografías galegas máis antigas
17.		<b>Cal das seguintes afirmacións sobre o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Español, non é correcta:</b>
	a	Ten como obxectivo o inventario e descrición do Patrimonio bibliográfico depositado nas bibliotecas españolas públicas pero non nas privadas
	b	Realízase en cumprimento da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español
	c	Elabóranse conxuntamente o Ministerio de Cultura e todas as Comunidades Autónomas
	d	A participación das Comunidades Autónomas faise por medio de convenios co Ministerio de Cultura

18.		<b>Cal das seguintes afirmacións non é correcta: Os descritores son:</b>
	a	Conxuntos de datos bibliográficos cos que se identifica e rexistra un documento
	b	Encabezamentos de materia debidamente seleccionados e normalizados
	c	Termos ou símbolos formulados e homologados por un <i>tesauro</i>
	d	A voz xenérica máis próxima á palabra que se define
19.		<b>O Programa CSL/ cadea de subministro do libro:</b>
	a	É un conxunto de protocolos acordados polas asociacións representativas de editores, distribuidores e libbreiros
	b	É un conxunto de protocolos acordados polas asociacións representativas de distribuidores
	c	É un conxunto de protocolos acordados polas asociacións representativas de libbreiros
	d	Non existe
20.		<b>O método de avaliación de coleccións bibliotecarias, pensado sobre todo para aquelas que levan a cabo plans de adquisición cooperativa, que ten como obxectivo coñecer o grado de cobertura das distintas materias nas coleccións nas que se aplica, chámase:</b>
	a	<i>Conspectus</i>
	b	Análise de Kipling
	c	Crecemento anual
	d	Constante de Taylor
21.		<b>Cal é o destino que concentra o maior número de exportacións do libro español?</b>
	a	Os países da Unión Europea
	b	América
	c	Os países europeos non comunitarios
	d	Asia
22.		<b>O control da iluminación do depósito:</b>
	a	Deberá exercerse unicamente sobre o sistema de iluminación natural
	b	Deberá exercerse unicamente sobre o sistema de iluminación artificial
	c	Deberá exercerse sobre os dous sistemas de iluminación: o natural e o artificial
	d	Non é necesario
23.		<b>Cal é a Base de datos bibliográfica sobre a historia do mundo dende 1450 ata o presente, excluindo Norteamérica, que cubre tamén disciplinas como estudos multiculturais, socioloxía, psicoloxía, estudos sobre mulleres/xénero, relixión, antropoloxía, ciencias políticas, e historia da ciencia, economía, empresa, educación, música, arte e dereito?</b>
	a	SIGLE
	b	<i>Historical Abstracts</i>
	c	LISA
	d	<i>Biblioteca Cochrane Plus</i>
24.		<b>Na avaliación de coleccións, cal dos seguintes non é un método cualitativo?</b>
	a	Crecemento anual
	b	Opinión de expertos
	c	Contraste de bibliografías
	d	Análise de uso
25.		<b>Cal das seguintes afirmacións sobre o préstamo interbibliotecario (PI) non é certa?</b>
	a	O PI é un instrumento básico da xestión das coleccións
	b	O PI é o servizo polo que unha biblioteca consegue doutros centros a información que necesitan os seus usuarios e que non se atopa na súa colección
	c	O PI é unha actividade que non se somete a avaliación
	d	O PI é unha forma de cooperación bibliotecaria
26.		<b>J. López Yepes, define o conxunto organizado de documentos dixitais que carecen dunha ubicación física distinta á do equipo informático no que se almacenan e que, polo tanto, son accesibles unicamente en formato dixital a través de redes telemáticas como:</b>
	a	Biblioteca virtual
	b	Biblioteca automatizada
	c	Biblioteca híbrida

	d	<i>World Wide Web</i>
<b>27.</b>		<b>O programa Ariel úsase:</b>
	a	No préstamo interbibliotecario
	b	Na promoción da lectura pública
	c	Nos programas de Alfin
	d	Nas actividades de extensión bibliotecaria
<b>28.</b>		<b>Quen é responsable da edición en español da CDU</b>
	a	A Biblioteca Nacional e AENOR (Asociación Española de Normalización e Certificación)
	b	A FID (Federación Internacional Documentación) e AENOR
	c	A Biblioteca Nacional e a FID
	d	A Biblioteca do Instituto Cervantes e a FID
<b>29.</b>		<b>Os thesaurus como linguaxes documentais presentan a súa terminoloxía de forma:</b>
	a	Xerárquica
	b	Alfabética
	c	Alfabética e xerárquica
	d	Numérica
<b>30.</b>		<b>A linguaxe precoordinaada, de estrutura asociativa ou combinatoria que consiste en listas alfabéticas de palabras ou expresións da linguaxe natural capaces de representar os temas de que trata un documento chámase:</b>
	a	Lista de encabezamentos de materia
	b	Lista de palabras clave
	c	Clasificación colonada
	d	<i>Tesouro</i>
<b>31.</b>		<b>As bibliotecas escolares e as bibliotecas populares creáronse en España ao mesmo tempo?</b>
	a	Si
	b	Non
	c	As escolares creáronse antes que as populares
	d	As populares creáronse antes que as escolares
<b>32.</b>		<b>Nunha ecuación ou estratexia de busca bibliográfica, que operador combina os termos para que os rexistros recuperados conteñan un ou todos os termos da pregunta?</b>
	a	Y
	b	O
	c	NO
	d	ADJ
<b>33.</b>		<b>Travesía é:</b>
	a	O catálogo colectivo das bibliotecas públicas españolas
	b	O catálogo colectivo das bibliotecas especializadas en viaxes
	c	Unha lista de distribución que substitúe ao <i>Correo Bibliotecario</i>
	d	O portal na Internet das bibliotecas públicas españolas
<b>34.</b>		<b>En cantas clases principais se divide a clasificación Dewey?</b>
	a	20 clases
	b	12 clases
	c	10 clases
	d	15 clases
<b>35.</b>		<b>Os Bibliotecarios dun CRAI:</b>
	a	Só catalogan documentos electrónicos no <i>repositorio</i> institucional
	b	Exclusivamente traballan en ALFIN
	c	Non existen. Nos CRAI só traballan profesores universitarios
	d	Axudan ao profesorado na identificación e avaliación das fontes de información
<b>36.</b>		<b>Unha característica da industria editorial española é:</b>
	a	A concentración e grande entidade dos puntos de venda
	b	Non existe participación de capital transnacional

	c	Os grandes grupos editoriais non contan con canles propios de distribución
	d	A forte concentración da produción nun reducido número de grandes grupos editoriais
37.		<b>Segundo o documento <i>Ideas para una operación de expurgo en las bibliotecas publicas</i>, cal dos seguintes criterios de expurgo, non é un criterio obxectivo?</b>
	a	Antigüidade das obras
	b	Redundancia
	c	Uso
	d	Adecuación da obra as necesidades da comunidade
38.		<b>O servizo de información público en liña, xestionado de forma cooperativa entre as bibliotecas públicas das distintas Comunidades Autónomas chámase: ?</b>
	a	FAQS
	b	<i>b</i> Identificador de Bibliotecas Públicas
	c	SIL: Servizo Información en Liña
	d	<i>Pregunte, las bibliotecas responden</i>
39.		<b>Que impresor iniciou a publicación da <i>Historia de Galicia</i> de Manuel Murguía?</b>
	a	José Pujol
	b	Manuel Soto Freire
	c	Manuel María de Vila
	d	Juan María de Pazos
40.		<b>No marco da Lei 10/2007 de 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas, a que entidade corresponde a aprobación e desenvolvemento de plans de fomento da lectura?</b>
	a	Ao Goberno
	b	Ao Ministerio de Cultura
	c	Á Biblioteca Nacional
	d	Ao Ministerio de Educación
41.		<b>Que Libro de Horas ilustra Jean Fouquet?</b>
	a	<i>O Libro de Horas de María de Borgoña</i>
	b	<i>Horas de Jeanne d' Evreux</i>
	c	<i>Petites Heures du Duc de Berry</i>
	d	<i>Horas de Etienne Chevalier</i>
42.		<b>O Consorcio Bugalicia:</b>
	a	Pretende unificar os servizos bibliotecarios das universidades galegas
	b	Permite o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.
	c	Céntrase en facilitar o cambio das bibliotecas universitarias galegas a CRAIS
	d	Céntrase na aplicación da ISO 11620 ás bibliotecas das universidades galegas
43.		<b>A principal fonte de información sobre seriadas, con aproximadamente 250.000 publicacións seriadas, periódicas, anuais e periódicos de elevado factor de impacto en todo o mundo é o:</b>
	a	ISBN
	b	<i>Ulrichs</i>
	c	<i>Dialnet</i>
	d	<i>Toc Premier</i>
44.		<b>Segundo Al- Nahari, cal das seguintes non é unha primeira función prioritaria, ou esencial dunha Biblioteca Nacional?</b>
	a	Actuar como centro bibliográfico nacional
	b	Producir a bibliografía nacional
	c	Favorecer o acceso á cultura do contorno e da época
	d	Participar na planificación dos servizos bibliotecarios do país
45.		<b>Nas bibliotecas o concepto de preservación do material bibliográfico e documental afecta:</b>
	a	Só á a forma física orixinal dos documentos
	b	Só ao contido intelectual da información rexistrada
	c	Á forma física e ao contido intelectual dos documentos
	d	Só ao fondo antigo
46.		<b>O protocolo dirixido a facilitar a busca e recuperación da información en distintos sistemas a través</b>

		<b>dunha mesma interface chámase:</b>
	a	HTML
	b	XML
	c	Z 39.50
	d	OAI
47.		<b>Na biblioteconomía, existe un acordo unánime sobre ás condicións climáticas propostas para a conservación dos diferentes soportes documentais?</b>
	a	Só no referente aos documentos en papel
	b	Só no referente á conservación das microformas
	c	Si
	d	Non
48.		<b>O Real Decreto 1573/2007, de 30 de novembro:</b>
	a	Aproba o Regulamento do Consello de Cooperación Bibliotecario
	b	Desenvolve a organización das feiras de libros en España
	c	Desenvolve o organigrama da Biblioteca Nacional
	d	Desenvolve as funcións do Padroado da Biblioteca Nacional
49.		<b>Das seguintes afirmacións sobre o Proxecto <i>Functional Requirements and Numbering of Authority Records</i>, cal non é correcta?</b>
	a	Esta dedicado ao control de autoridades
	b	É a única iniciativa vinculada ao ICABS sobre control de autoridades
	c	Ten relación coa <i>British Library</i>
	d	Está relacionada cos obxectivos do ICABS
50.		<b>A Bibliografía de Galicia recolle referencias de rexistros relacionados con Galicia e conta con:</b>
	a	Unha base de datos
	b	Dúas bases de datos
	c	Tres bases de datos
	d	Catro bases de datos
51.		<b>O diferencial socioeconómico que podería xerarse por diferentes posibilidades de acceso á información a través das novas tecnoloxías defínese como:</b>
	a	<i>Multicast</i>
	b	<i>Broadcast diferencial</i>
	c	Fenda dixital
	d	Analfabetización informativa ou informacional
52.		<b>Alejandro Carrión sinala que na recuperación da información dixital o protocolo Z39.50</b>
	a	Pode aplicarse só aos documentos completos
	b	Pode aplicarse só ás imaxes
	c	Pode aplicarse só aos metadatos dos documentos completos
	d	Pode aplicarse indistintamente aos documentos completos, a partes e seccións destes, a imaxes e sons, ou aos metadatos que os describen
53.		<b>As chamadas <i>Marcas de Cutter</i> asócianse:</b>
	a	Ao proceso de adquisición
	b	Á organización do fondo bibliográfico
	c	Ao selado
	d	Á encadernación
54.		<b>Como se coñece o sistema composto por unha cadea alfanumérica, que ten como obxectivo identificar de forma unívoca un recurso electrónico, e servir como vínculo persistente e estable á localización dese contido na web?</b>
	a	BATH
	b	DOI
	c	RDA
	d	XML
55.		<b>Cal das seguintes afirmación sobre ós OPAC non é certa?</b>
	a	Neles a interface é moi importante

	b	Son públicos
	c	Non son interactivos
	d	Permiten as buscas por termos simples
56.		<b>Que proxecto cooperativo español ten como un dos seus principais obxectivos aumentar a difusión e a accesibilidade da literatura científica hispana, potenciando o acceso libre e gratuíto á mesma a través da Internet, mediante a constitución dunha base de datos?</b>
	a	<i>Aleph</i>
	b	<i>Ariel</i>
	c	<i>Dialnet</i>
	d	<i>Pascal</i>
57.		<b>Dos seguintes nobres, quen formou unha das grandes bibliotecas privadas do século XVII español?</b>
	a	O Duque de Malpica
	b	O Príncipe de Éboli
	c	O Conde de Gondomar
	d	O Marques da Ensenada
58.		<b>Das seguintes afirmacións cal é a correcta: FRBR</b>
	a	É unha linguaxe documental
	b	É unha clasificación
	c	É o acrónimo dun modelo para a catalogación
	d	É o acrónimo dun modelo para o expurgo
59.		<b>Nas bibliotecas universitarias medievais os <i>libri catenati</i>:</b>
	a	Forman parte da <i>Librería Magna ou Gran Librería</i>
	b	Sítúanse no despacho do fundador da Universidade
	c	No podían consultarse
	d	Tiñan como finalidade o préstamo domiciliario.
60.		<b>Cal das seguintes afirmación sobre o formato MARC non é correcta?</b>
	a	É un formato bibliográfico para a catalogación automática de todo tipo de documentos
	b	A súa estrutura está baseada na norma ISO 2709-1981 (ANSI Z39.2-1979)
	c	Foi elaborado pola <i>Britihs Library</i> en 1966 como un sistema para catalogar por ordenador
	d	A partir do MARC desenvolvéronse o IBERMARC e USMARC
61.		<b>En xeral, onde figuran nos incunables as mencións de autor, título, impresor, lugar e data?:</b>
	a	Na portada
	b	No lombo
	c	No colofón
	d	No canto
62.		<b><i>EUROSTAT NewCronos – Domaine REGIO – Statistiques régionales</i> é:</b>
	a	O dominio de <i>New Cronos</i> relativo aos principais aspectos da vida económica na Unión Europea a nivel rexional
	b	O dominio <i>New Cronos</i> relativo aos principais aspectos da vida económica das áreas metropolitanas e rurais de Estados Unidos
	c	A Bases de datos do <i>Regional Business News</i> para os países europeos non integrados na Unión Europea
	d	A base de datos do <i>Regional Business News</i> para os países europeos integrados na Unión Europea
63.		<b>O contorno dinámico no que se integran todos os servizos universitarios que dan soporte á aprendizaxe e á investigación, relacionados co mundo da información e das tecnoloxías chámase:</b>
	a	Rede
	b	Consortio
	c	CRAI
	d	Repositorio
64.		<b>Nunha ecuación ou estratexia de busca bibliográfica, das seguintes opcións cal se utiliza cando se pretenden recuperar posibles variantes dun termo?</b>
	a	As comiñas
	b	O parénteses

	c	O truncado
	d	O operador NEAR
<b>65.</b>		<b>Cal das seguintes afirmacións é correcta: A CDU é unha linguaxe documental:</b>
	a	Precoordinada, controlada e normalizada
	b	Postcoordinada, controlada e normalizada
	c	Precoordinada, controlada sen normalizar
	d	A CDU non é unha linguaxe documental
<b>66.</b>		<b>Recoller as obras publicadas polos autores nacionais noutro país, é misión dunha:</b>
	a	Bibliografía selectiva
	b	Bibliografía nacional
	c	Bibliografía topográfica
	d	Bibliografía sistemática
<b>67.</b>		<b>Como presentan a súa terminoloxía as listas de encabezamentos de materia?</b>
	a	Por orde xerárquica
	b	Por orde alfabética
	c	Por orde alfabética e xerárquica
	d	Cada lista de encabezamentos ten un sistema de ordenación
<b>68.</b>		<b>UDCDspace:</b>
	a	É o <i>repositorio</i> dixital da Universidade da Coruña
	b	Non existe
	c	É o CRAI da Universidade da Coruña
	d	É o acrónimo do programa de ALFIN da Universidade da Coruña
<b>69.</b>		<b>Das seguintes afirmacións, cal non é un obxectivo da bibliografía?:</b>
	a	Identificar os textos
	b	Ser utilizada como fonte na sección de referencia
	c	Permitir localizar os textos nun fondo bibliográfico
	d	Servir como modelo na catalogación
<b>70.</b>		<b>R. Poll e P. Te Boekhorst definen o grao acadado pola biblioteca no cumprimento dos seus obxectivos, particularmente en termos de necesidades dos usuarios, como:</b>
	a	Indicador
	b	Rendemento
	c	Misión
	d	Índice de Platz
<b>71.</b>		<b>Dos seguintes obxectivos que propuxo o ICABS, cal está centrado no control de autoridades?</b>
	a	ZING
	b	VIAF
	c	UDT
	d	CDNL
<b>72.</b>		<b>Que tipo de biblioteca define a IFLA como aquela que proporciona aos alumnos competencias para á aprendizaxe ao longo de toda a súa vida e contribúe a desenvolver a súa imaxinación, permitíndolles que se conduzan na vida como cidadáns responsables?</b>
	a	A biblioteca universitaria
	b	A biblioteca escolar
	c	A biblioteca dixital
	d	A biblioteca pública
<b>73.</b>		<b><i>El Buscón</i> é:</b>
	a	O nome do catálogo da Biblioteca do Instituto Cervantes
	b	O metabuscador da Biblioteca Nacional de España
	c	A versión española do Sistema Ariel de subministro de documentos
	d	O servizo de fotodocumentación centralizada de REBIUN
<b>74.</b>		<b>Marcos Mora define a presentación en pantalla que un sistema informático ofrece ao usuario para que este poida interactuar con el, como:</b>
	a	Sistema integrado de intercambio electrónico de datos

	b	Interface
	c	Sistema integrado de xestión de información
	d	Intercambio de información
<b>75.</b>		<b>Cal das seguintes afirmacións sobre o Z39.50 non é correcta?</b>
	a	É un estándar internacional para a recuperación da información
	b	Fai posible a comunicación entre sistemas que utilizan diferente hardware e software
	c	Non permite a realización de buscas simultáneas a múltiples bases de datos utilizando unha única interface de usuario
	d	Permite recuperar a información, ordenala e exportar os rexistros bibliográficos
<b>76.</b>		<b>Das seguintes bases de datos cal, que inclúe as materias de biblioteconomía, clasificación, catalogación, bibliometría, busca de información en Internet, xestión da información, etc. ten catalogadas máis de 600 publicacións periódicas, ademais de libros, informes de investigación e actas de congresos?</b>
	a	<i>Cinahl</i>
	b	<i>Greenfile</i>
	c	<i>Lista</i>
	d	<i>Biblioteca Cochrane Plus</i>
<b>77.</b>		<b>No ámbito do Z 39.50 o documento que determina claramente un subconxunto de características, de opcións e de interpretacións a partir dunha ou varias normas co fin de mellorar a interoperabilidade, chámase:</b>
	a	FinZig Perfil
	b	Perfil
	c	ZTexas perfil
	d	Zing-Bath-profil
<b>78.</b>		<b>No proceso de normalización de servizos das bibliotecas integrantes de REBIUN destaca:</b>
	a	A unificación das normas de préstamo domiciliario
	b	O establecemento da mesma carta de servizos aos usuarios
	c	A unificación das tarifas de préstamo interbibliotecario
	d	A unificación da política de ALFIN
<b>79.</b>		<b>O conxunto dos 15 elementos de datos que poden usarse para describir en forma de metadato os obxectos de información da internet, co obxectivo último da recuperación web chámase:</b>
	a	IAO
	b	Dublín Core
	c	ISO 23950
	d	UBCIM
<b>80.</b>		<b>Cando se crean en España as Bibliotecas Públicas Municipais?</b>
	a	1935
	b	1932
	c	1955
	d	1971
<b>81.</b>		<b>A operación e proceso de trasladar a información dende o sistema informático no que estaba almacenada a outro novo, coñécese como:</b>
	a	Xestión integrada
	b	Migración
	c	Modo de transferencia
	d	Modo de transmisión de datos
<b>82.</b>		<b>O concepto ameaza no análises SWOT:</b>
	a	Aplicase ao ámbito interno da organización analizada
	b	Aplicase ao ámbito externo da organización analizada
	c	Aplicase aos ámbitos interno e externo
	d	Non se utiliza
<b>83.</b>		<b>O orzamento do estado defínese como a expresión cifrada, conxunta e sistemática de:</b>
	a	A totalidade de obrigacións e os recursos previstos para o exercicio correspondente

	b	As obrigacións que, como máximo, poden recoñecer, e os dereitos que se prevén liquidar durante o correspondente exercicio
	c	As estimacións de gastos e ingresos
	d	A totalidade dos gastos e ingresos a recoñecer no exercicio
<b>84.</b>		<b>O Estatuto Básico do Empregado Público é a:</b>
	a	Lei 7/2007, do 12 de abril
	b	Lei 7/2007, do 2 de abril.
	c	Lei 17/2007, do 12 de abril
	d	Lei 7/2008, do 12 de abril
<b>85.</b>		<b>O voto de senadores e deputados das Cortes Xerais é:</b>
	a	Secreto
	b	En chamamento público
	c	Persoal e indelegable.
	d	Particular e regulamentario.
<b>86.</b>		<b>Dos catro países seguintes, o último en ingresar na Unión Europea foi:</b>
	a	Eslovenia.
	b	Hungría.
	c	Bulgaria.
	d	Lituania.
<b>87.</b>		<b>A determinación do número e denominación dos Ministerios establécese mediante:</b>
	a	Lei Orgánica.
	b	Decreto Lexislativo do Presidente do Goberno.
	c	Real Decreto do Presidente do Goberno.
	d	Lei ordinaria.
<b>88.</b>		<b>De acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, os órganos concedentes de subvencións publicarán no diario oficial correspondente:</b>
	a	As subvencións concedidas con expresión da convocatoria, beneficiario, asignación nominativa, finalidade da mesma, e especiais características.
	b	Extracto da resolución pola que se ordena a publicación, incluíndo os lugares onde se expoña o seu contido íntegro.
	c	O crédito orzamentario das subvencións concedidas, a cantidade concedida a cada beneficiario e a finalidade da subvención.
	d	As subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.
<b>89.</b>		<b>O Estatuto de Galicia foi aprobado por:</b>
	a	Lei ordinaria 1/81, de 6 de abril.
	b	Lei orgánica 1/81, de 16 de abril.
	c	Lei ordinaria 21/81, de 26 de abril.
	d	Lei orgánica 1/81, de 6 de abril.
<b>90.</b>		<b>De acordo co art. 140 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, na formalización do contrato:</b>
	a	Será preceptivo que sexa en documento administrativo dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día da notificación da adxudicación definitiva.
	b	Será preceptivo que sexa en escritura pública dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da notificación da adxudicación definitiva.
	c	O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.
	d	En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.
<b>91.</b>		<b>A quen corresponde solicitar do Estado a transferencia de competencias non asumidas no Estatuto de Galicia?</b>
	a	Á Xunta de Galicia.
	b	Ao Conselleiro da Presidencia de Galicia.
	c	Ao Parlamento de Galicia.

	d	Ao Presidente da Xunta de Galicia.
<b>92.</b>		<b>Poderá acordarse de oficio a suspensión do procedemento xeral de responsabilidade patrimonial e a iniciación dun procedemento abreviado?</b>
	a	No caso de que o órgano instrutor entenda que é inequívoca a relación de causalidade entre a lesión e o funcionamento do servizo público.
	b	No caso de que o órgano que ten que resolver entenda que as consecuencias do dano se agraven coa continuación do procedemento xeral.
	c	No caso de que o órgano instrutor estime que é fundamental para o interesado que poida acceder á indemnización que proceda.
	d	No caso de que o órgano instrutor e o interesado acorden a intervención dun Servizo de mediación e arbitraje.
<b>93.</b>		<b>Segundo a Lei Reguladora da Xunta e do seu Presidente, este, cando é elixido, tomará posesión do seu cargo dentro dos:</b>
	a	5 días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.
	b	3 días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.
	c	7 días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.
	d	10 días seguintes ao da publicación do seu nomeamento.
<b>94.</b>		<b>En materia de responsabilidade patrimonial, as administracións públicas recoñecerán o dereito ás indemnizacións dos particulares:</b>
	a	Polas lesións que sufran estes nos seus dereitos como consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos.
	b	Polas lesións que sufran estes nos seus bens e dereitos por mor do funcionamento normal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior
	c	Polas lesións que sufran estes nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar segundo a Lei.
	d	Polas lesións que sufran estes nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos, salvo nos casos de danos que o particular teña o deber xurídico de soportar segundo a Lei.
<b>95.</b>		<b>As unións de empresarios:</b>
	a	Poderán contratar co sector público si se constitúen temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública.
	b	Quedarán obrigadas solidariamente e deberán nomear un representante único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato.
	c	Non teñen capacidade para contratar coa Administración as unións de empresarios estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea.
	d	A efectos de licitación, as unións temporais de empresarios indicarán os nomes e circunstancias que a constitúen, non sendo necesario indicar a participación de cada un deles.
<b>96.</b>		<b>O Valedor do Pobo estará auxiliado por:</b>
	a	Tres vicevaledores ou vicevaledoras
	b	Un máximo de tres vicevaledores ou vicevaledoras
	c	Dous vicevaledores.
	d	Un mínimo de tres vicevaledores ou vicevaledoras
<b>97.</b>		<b>As concesións sobre bens de dominio público outorgaranse:</b>
	a	Por tempo determinado. O prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, será de 4 anos.
	b	Por tempo indeterminado. O prazo mínimo de duración será de 4 anos.
	c	Por tempo determinado. O prazo máximo de duración, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais que sexan de aplicación.
	d	Por tempo determinado. O prazo mínimo de duración será de 75 anos, salvo que se estableza outro menor nas normas especiais que sexan de aplicación
<b>98.</b>		<b>A Secretaría Xeral de Política Lingüística está no organigrama da:</b>
	a	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
	b	Consellería de Cultura e Deporte

	c	Presidencia da Xunta de Galicia.
	d	Vicepresidencia da Xunta de Galicia.
<b>99.</b>		<b>O informe emitido fóra de prazo:</b>
	a	Poderá non terse en conta na correspondente resolución.
	b	Non sería válido xa que é preceptivo que sexan evacuados no prazo de 10 días.
	c	Si o informe non é evacuado en prazo, o instrutor deberá interromper os trámites sucesivos.
	d	Formará parte do expediente pero farase constar a súa caducidade.
<b>100.</b>		<b>O sistema normal de provisión dos postos vacantes adscritos ao persoal funcionario é:</b>
	a	O concurso
	b	A libre designación
	c	A adscrición
	d	A reasignación de efectivos
<b>101.</b>		<b>Segundo o Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que órgano exerce as funcións do control interno na Facenda Pública de Galicia?</b>
	a	A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
	b	O Consello de Contas.
	c	O Tribunal de Contas
	d	O Conselleiro de Economía e Facenda.
<b>102.</b>		<b>O estado de excepción será:</b>
	a	Declarado por maioría absoluta do Congreso.
	b	Declarado polo Goberno, mediante decreto acordado en Consello de Ministros.
	c	Declarado polo Goberno, mediante decreto acordado en Consello de Ministros, previa autorización do Congreso dos Deputados.
	d	Declarado polo Goberno, mediante decreto acordado en Consello de Ministros, dando conta ao Congreso dos Deputados, reunido inmediatamente ao efecto.
<b>103.</b>		<b>O Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública, establece que non se pode acumular ao período de vacacións:</b>
	a	O permiso de maternidade.
	b	Os períodos de incapacidade temporal derivados do embarazo.
	c	O permiso de paternidade.
	d	O permiso por asuntos propios
<b>104.</b>		<b>O Consello Europeo estará composto por:</b>
	a	Os xefes de Estado ou de Goberno dos estados membros, así como polo presidente da Comisión. Estes estarán asistidos polos ministros de Asuntos Exteriores dos estados membros e por un membro da Comisión.
	b	Os xefes de Estado ou de Goberno dos estados membros.
	c	Os xefes de Estado ou de Goberno dos estados membros, así como polo presidente do Consello.
	d	Os xefes de Estado ou de Goberno asistidos polos seus ministros de Asuntos Exteriores.
<b>105.</b>		<b>Procede recurso de reposición:</b>
	a	Contra actos administrativos resolutorios do recurso de alzada.
	b	Contra actos administrativos que non esgoten a vía administrativa.
	c	Contra actos de trámite cando impidan continuar o procedemento.
	d	Contra actos administrativos que esgoten a vía administrativa.
<b>106.</b>		<b>O título II do Estatuto de Autonomía de Galicia denomínase:</b>
	a	Das competencias da Xunta de Galicia.
	b	Das competencias exclusivas de Galicia.
	c	Das competencias de Galicia.
	d	Das competencias de execución da Comunidade Autónoma
<b>107.</b>		<b>A garantía provisional:</b>
	a	Será retida ao adxudicatario ata que proceda á certificación do contrato.
	b	Será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato.
	c	Será incautada ás empresas que retiren xustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

	d	Será devolta aos adxudicatarios despois da licitación do contrato.
<b>108.</b>		<b>Respecto a moción de censura é certo que:</b>
	a	Deberá estar asinada pola maioría absoluta dos membros do Parlamento.
	b	Non poderá ser votada ata que transcorran 10 días desde a súa presentación.
	c	O Parlamento non aceptará a presentación de mocións alternativas.
	d	Se a moción de censura non é aprobada polo Parlamento, os seus asinantes non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.
<b>109.</b>		<b>Indique a resposta correcta en relación coa expropiación forzosa:</b>
	a	Para que os xulgados de expropiación podan constituírse validamente, será precisa a asistencia de 3/5 dos seus membros na primeira votación
	b	Os xulgados de expropiación constituiranse en cada capital de provincia, e estarán formados por un presidente e cinco vogais.
	c	As resolucións dos Xulgados de expropiación non serán motivadas, pero si razoarán os criterios de valoración.
	d	Os xulgados de expropiación decidirán por maioría de votos sobre os asuntos obxecto da súa competencia.
<b>110.</b>		<b>Contra as disposicións administrativas de carácter xeral cabe:</b>
	a	Recurso de Revisión
	b	Recurso de Alzada
	c	Recurso de Reposición
	d	Non cabe recurso en vía administrativa
<b>111</b>		<b>No Parlamento galego, a constitución inicial de grupos parlamentarios farase:</b>
	a	Dentro dos 5 días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido ao seu Presidente.
	b	Dentro dos 5 días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido á Mesa da Cámara .
	c	Ao quinto día da sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido ao seu Presidente.
	d	A partir do quinto día da sesión constitutiva do Parlamento mediante escrito dirixido á Mesa da Cámara..
<b>112.</b>		<b>Os bens e dereitos que integran o patrimonio das Administracións Públicas poden ser de dominio público (demaniais) ou de dominio privado (patrimoniais). Indique cal dos seguintes bens ou dereitos ten a consideración de demanial:</b>
	a	Dereitos de propiedade incorporal
	b	Valores de accións e participacións no capital de sociedades mercantís.
	c	Títulos de obrigacións emitidas por entidades mercantís
	d	Inmobles nos que se aloxen servizos ou dependencias de órganos da Administración Xeral do Estado.
<b>113.</b>		<b>Segundo o disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función pública, a excedencia para o coidado de fillos/as:</b>
	a	Terá unha duración inferior a 3 anos.
	b	A súa duración non será superior a 3 anos.
	c	O posto de traballo reservarase por 3 anos.
	d	O tempo de permanencia nesta situación será computable a efectos exclusivos de trienios.
<b>114.</b>		<b>Dentro do dereito derivado europeo, indique que norma das que se citan non ten carácter vinculante:</b>
	a	Directivas
	b	Ditames
	c	Decisións
	d	Regulamentos
<b>115.</b>		<b>Segundo o Estatuto Básico do Empregado Público, a suspensión firme de funcións, terá unha duración máxima de:</b>
	a	3 meses.
	b	1 ano.
	c	6 meses.
	d	12 meses.
<b>116.</b>		<b>A Dirección Xeral de Comercio e Consumo depende da Consellería de:</b>

	a	Innovación e Industria.
	b	Sanidade
	c	Traballo.
	d	Economía e Facenda
<b>117.</b>		<b>En que artigos da Constitución española se recollen as vías de acceso á autonomía?</b>
	a	Artigos 143 e 161.
	b	Artigos 143 e 151.
	c	Artigos 123 e 151.
	d	Artigos 123 e 161.
<b>118.</b>		<b>A toma de posesión da condición de funcionario:</b>
	a	Será no prazo de 1 mes a partir da publicación do nomeamento.
	b	Será no prazo de 1 mes a partir da notificación do nomeamento.
	c	Será no prazo de 1 mes a partir da notificación da superación das probas selectivas
	d	Será no prazo de 1 mes a partir da superación do curso de formación que sexa procedente.
<b>119.</b>		<b>Segundo a L.O. 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas, os conselleiros de contas serán designados:</b>
	a	Polas Cortes Xerais, 6 polo Congreso dos Deputados e 6 polo Senado, mediante votación por maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras e por un período de 9 anos.
	b	Polas Cortes Xerais reunidas ao efecto, mediante votación por maioría de 3/5 e por un período de 9 anos
	c	Polas Cortes Xerais, 6 polo Congreso dos Deputados e 6 polo Senado, mediante votación por maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras e por un período de 6 anos
	d	Polas Cortes Xerais, 6 polo Congreso dos Deputados e 6 polo Senado, mediante votación por maioría de 2/3 de cada unha das Cámaras e por un período de 9 anos
<b>120.</b>		<b>As disposicións adicionais da Constitución española son:</b>
	a	9
	b	1
	c	4
	d	8

### Reserva

<b>121.</b>		<b>¿Que tipo de auditoría é empregada para a avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos previstos no programa de gastos?</b>
	a	Auditoría financeira
	b	Auditoría de cumprimento.
	c	Auditoría operativa
	d	Auditoría de sistemas e procedementos.
<b>122.</b>		<b>A que impresor se considera como introdutor da litografía en Galicia?</b>
	a	Domingo Puga
	b	José Nuñez Castaño
	c	Ignacio Aguayo
	d	Enrique Mayer
<b>123.</b>		<b>Cal é a asociación que ten como obxectivo favorecer o desenvolvemento da normalización e cuxos traballos se traducen en acordos internacionais, que son publicados como normas internacionais?</b>
	a	ISO
	b	IFLA
	c	ICOLC
	d	UNESCO